



René Vale García en categoría absoluta, Cristina Sanmartín Porca en damas e David Andrew Hawatson en springer proclámanse Campións Galegos de San Huberto

O pasado domingo 27 de agosto no TECOR da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia, celebrouse a XIX edición do Campionato Galego de Caza San Huberto. Organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Caza de Xinzo de Limia e o patrocinio da Dirección Xeral para o Deporte. Nel participaron un total de 22 concursantes en categoría absoluta, 4 damas e 2 na categoría de levantadores (springer). En total habilitáronse catro percorridos, ao celebrarse a proba a campo corrido, tres para a categoría absoluta e o cuarto para damas e springer. Xulgaron o percorrido A: Alberto Rodríguez e David Romero; o percorrido B: Esteban Cambón e Alonso López; o percorrido C: Jaime Aneiros e Antonio Vázquez; e o percorrido de damas e springer: Rafael Sánchez e José Lugrís.

Pasaron ao barrage final, polo percorrido A: Eliseo Faraldo Fernández e José Luis Méndez Tesouro; polo percorrido B: Jorge Martín Sánchez e René Vale García; polo percorrido C: José Sanmartín Pérez e Juan Carlos Arteche Castillo.

[Categoría Absoluta]

Pos.	Cazador	Can	Raza/Sexo
1º	René Vale García	Pastor de Montemayor	S.I.M.
2º	José Sanmartín Pérez	Ja da Chousa	P.H.
3º	Jorge Martín Sánchez	Tris da Chousa	P.M.
4º	Juan Carlos Arteche Castillo	Zuri	P.H.
5º	José Luis Méndez Tesouro	Kin do Estrume	S.I.M.
6º	Eliseo Faraldo Fernández	Mister da Chousa	P.M.

[Categoría Damas]

Pos.	Cazadora	Can	Raza/Sexo
1º	Cristina Sanmartín Porca	Jara da Chousa	P.H.
2º	Mº Carmen Iglesias Comesaña	Kia da Chousa	P.H.
3º	Nicolasa González Carrodegas	Jef de Caaveiro	S.I.M.
4º	Ana Arbiol Ledesma	Laika	P.H.

[Categoría Springer]

Pos.	Cazador	Can	Raza/Sexo
1º	David Andrew Hawatson	Júpiter de Estrellas de Tebra	S.S.M.
2º	Alicia Quintas	Kate de Estrellas de Tebra	S.S.H.